

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 26 de marzo de 2010 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica polo que se modifica a liña de avais do Instituto Galego de Promoción Económica para facilitarlles ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional (programa Re-Brote).*

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 28 de xullo de 2009, acordou aprobar una liña de avais do Igape para facilitarlles ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional instrumentado mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas (programa Re-Brote).

O 25 de setembro de 2009 o Igape e 16 entidades financeiras asinaron un convenio co obxecto de compartir riscos en determinadas operacións mediante o afianzamento parcial de liñas de financiamento operativo. O dito convenio fíxose público mediante Resolución do 25 de setembro de 2009 (DOG nº 191, do 29 de setembro), e segundo a cláusula terceira entraron en vigor o día seguinte ao da súa publicación e estableceuse como data de fin de prazo para presentar solicitudes de aval o 30 de decembro de 2009.

Este prazo de tres meses establecido para a presentación de solicitudes é insuficiente, pois a súa chegada aos beneficiarios finais está sendo máis lenta do previsto, a pesar do importante esforzo de comunicación desenvolvido. Por iso non existen perspectivas de que o crédito orzamentario previsto para estas axudas se esgote coas solicitudes que se presenten no referido prazo.

Esta liña de avais considérase un instrumento de grande importancia para o acceso ao financiamento operativo por parte das empresas galegas na conxuntura actual que debe permanecer á súa disposición. En consecuencia, o prazo para presentar solicitudes debe modificarse, permitindo que poidan presentarse solicitudes ata o día 30 de xuño de 2010.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 23 de decembro de 2009, acordou a modificación da liña de avais do Igape para facilitarlles ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional instrumentado mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas (programa Re-Brote).

Por todo o anterior e en virtude das facultades que teño conferidas,

### RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a modificación da liña de avais do Igape para facilitarlles ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional, instrumentado mediante convenio de colaboración entre o

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas, (programa Re-Brote), no seguinte sentido:

Único.-Modificar a redacción da cláusula terceira, que queda redactada do seguinte xeito:

«Terceira.-*Vixencia e prazo de presentación de solicitudes.*

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e o prazo de presentación de solicitudes de aval finalizará o 30 de xuño de 2010».

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

*Acordo do 17 de marzo de 2010, entre a Consellería de Facenda e a Consellería do Medio Rural, pola que se encomenda a xestión de determinadas materias relacionadas coas listas de contratación temporal de persoal laboral dedicado ás tarefas de prevención e extinción de incendios forestais e do Pladiga derivadas do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, á Consellería do Medio Rural.*

De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na disposición adicional do decreto 37/2006, co obxecto de alcanzar unha maior eficacia na xestión do persoal temporal correspondente a determinadas categorías de persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais e de persoal do Pladiga regulados no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, modificado polo Decreto 5/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e á contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

### ACÓRDASE:

#### Cláusula 1.

Encomendar a xestión de determinadas materias relacionadas coas listas de contratación temporal do persoal laboral da Xunta de Galicia reguladas no Decre-